

CATÁLOGO DO PATRIMONIO CULTURAL
PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DE CAMARIÑAS

CLASE ELEMENTO: ARQUITECTURA 1	TIPOLOXÍA: RELIXIOSA	Nº FICHA: A_070	CLAVE PLANO: B-6
---------------------------------------	-----------------------------	------------------------	-------------------------

F_01

S



*** VER ANEXO FOTOGRÁFICO NA SEGUINTE PÁXINA**

DENOMINACIÓN: Capela do Carne	PARROQUIA: CAMARIÑAS	NÚCLEO: Camariñas
---	--------------------------------	-----------------------------

Localización: Praza do Carne s/n	Coordenadas UTM (ED 50 fuso 29) 485159 , 4775441
--	--

DESCRIPCIÓN:

Capela popular situada nas proximidades do porto en coherencia co patronazgo que exhibe. De dimensións e factura modestas, a simplicidade guía a organización da súa fachada, que sitúa no seu eixe de abaixo arriba- a porta de acceso, un xanelo vertical e unha modesta espadana dun único van. Á altura do altar maior a cuberta a dúas augas da nave convértese nunha cubrición a catro vertentes que eleva o volume xeral do edificio. O paramento érguese por medio de pedra granítica da modalidade de opus incertum rebocada e pintada, que se reforza a maiores nos eixes estruturais e ocós con cantería.

CATEGORÍA: CATALOGADO	ÁMBITO: LOCAL	NIVEL DE PROTECCIÓN: INTEGRAL	ESTADO DE CONSERVACIÓN: BO	PROPIEDAD: PARROQUIAL
---------------------------------	-------------------------	---	--------------------------------------	---------------------------------

ORDENANZA DE APLICACIÓN: 2	FICHA NORMATIVA: 5154901
--------------------------------------	------------------------------------

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS SINGULARES A PROTEXER:

CONFIGURACIÓN VOLUMÉTRICA. CARPINTERÍAS DE MADEIRA.

MELLORAS NECESARIAS:

Deberase mellorar a integración de de elementos rexistrables de instalacións coa fachada do ben.

OBRAS PROHIBIDAS: As derivadas do nivel de protección.	OBRAS PERMITIDAS: As derivadas do nivel de protección. Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.
---	---

"Aprobado definitivamente polo Pleno con data 27 de maio de 2022"

CATÁLOGO DO PATRIMONIO CULTURAL
PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DE CAMARIÑAS

ANEXO FOTOGRÁFICO:



F_02

CATÁLOGO DO PATRIMONIO CULTURAL
PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DE CAMARIÑAS

CLASE ELEMENTO: ARQUITECTURA 1	TIPOLOXÍA: CIVIL	Nº FICHA: A_071	CLAVE PLANO: B-6
---------------------------------------	-------------------------	------------------------	-------------------------

F_01

S



DENOMINACIÓN: Conxunto de vivendas da rúa do Carne	PARROQUIA: CAMARIÑAS	NÚCLEO: Camariñas
--	--------------------------------	-----------------------------

Localización: Rúa do Carne nº:4,6	Coordenadas UTM (ED 50 fuso 29) 485130 , 4775431
---	--

DESCRICIÓN:
 Conxunto de vivendas de tipoloxía vilega que presentan planta rectangular, dúas alturas (B+I) e cuberta a dúas augas. As fachadas de ambas casas, levantada entre medianeiras e de desenvolvemento horizontal, sitúan senllos balcóns corridos con solaina de cantería protagonizando toda a súa planta residencial. No piso terreo dispónse un conxunto de xanelas e portas de acceso que seguen un ritmo regular. A fachada érguese por medio de pedra granítica da modalidade de opus incertum, orixinalmente rebocada e pintada, aínda que hoxe so se manteña nunha das edificacións, reforzada nos eixes estruturais e ocos con cantería.

CATEGORÍA: CATALOGADO	ÁMBITO: LOCAL	NIVEL DE PROTECCIÓN: AMBIENTAL	ESTADO DE CONSERVACIÓN: BO	PROPIEDAD: PRIVADA
---------------------------------	-------------------------	--	--------------------------------------	------------------------------

ORDENANZA DE APLICACIÓN: 2	FICHA NORMATIVA:
--------------------------------------	-----------------------------

OBSERVACIÓNS:
 Na edificación con ficha normativa 5154103 existe unha bufarda de grandes dimensións na cuberta.

ELEMENTOS SINGULARES A PROTEXER:
BALCÓNS. FACHADAS. CARPINTERÍAS DE MADEIRA.

MELLORAS NECESARIAS:
 Adecuación volumétrica e tipolóxica da bufarda con ficha normativa 5154103 aos modelos tradicionais existentes nas edificacións do núcleo de Camariñas. As zonas de fachada realizadas con muro de cachotería de granito deberan enfusarse e pintarse, podendo quedar os elementos de maior calidade, como os que arrodean ocos e reforzan esquinas, vistos.

OBRAS PROHIBIDAS: As derivadas do nivel de protección.	OBRAS PERMITIDAS: As derivadas do nivel de protección. Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección. Permítese o incremento de altura da fachada ata a liña de cornixa que establece a ficha normativa.
--	---


"Aprobado definitivamente polo Pleno con data 27 de maio de 2022"

CATÁLOGO DO PATRIMONIO CULTURAL
PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DE CAMARIÑAS

CLASE ELEMENTO: ARQUITECTURA 1	TIPOLOXÍA: CIVIL	Nº FICHA: A_072	CLAVE PLANO: B-6
---------------------------------------	-------------------------	------------------------	-------------------------

F_01

S



*** VER ANEXO FOTOGRÁFICO NA SEGUINTE PÁXINA**

DENOMINACIÓN: Casa da Praza do Carne nº 15	PARROQUIA: CAMARIÑAS	NÚCLEO: Camariñas
--	--------------------------------	-----------------------------

Localización: Praza do Carne nº 15 esq/ rúa do Carne	Coordenadas UTM (ED 50 fuso 29) 485147 , 4775412
--	--

DESCRICIÓN:
 Vivenda de tipoloxía villega que presenta planta rectangular, dúas alturas (B+I) e cuberta a tres augas. A casa, levantada entre medianeiras e de desenvolvemento horizontal, presenta na súa fachada principal un miradoiro corrido con solaina de cantería no eixe da súa planta residencial, situando a ambos lados pequenos balcóns individuais. A fachada secundaria dispón un conxunto de ocos (portas, xanelas e portasdaire) organizados en rúas. No piso terreo fíxense un conxunto de xanelas e portas de acceso que seguen un ritmo regular na súa fachada secundaria, pero irregular na principal. A envolvente do edificio érguese por medio de pedra granítica da modalidade de opus incertum enfoscado e pintado, reforzada nos eixes estruturais e ocos con cantería vista.

CATEGORÍA: CATALOGADO	ÁMBITO: LOCAL	NIVEL DE PROTECCIÓN: ESTRUTURAL	ESTADO DE CONSERVACIÓN: BO	PROPIEDAD: PRIVADA
---------------------------------	-------------------------	---	--------------------------------------	------------------------------

ORDENANZA DE APLICACIÓN: 2	FICHA NORMATIVA: 5154804
--------------------------------------	------------------------------------

OBSERVACIÓNS:
 A galería da fachada sueste non concorda nin en canto a acabados nin en canto a composición coa que da ao espazo público.

ELEMENTOS SINGULARES A PROTEXER:
 CARPINTERÍAS ORIXINAIS DE MADEIRA. CONFIGURACIÓN VOLUMÉTRICA.

MELLORAS NECESARIAS:
 Deberase substituír a galería da fachada sueste realizada con perfilaría metálica, por outra realizada en madeira con composición e acabados que harmonicen coas carpinterías de madeira orixinais que aínda se manteñen.

OBRAS PROHIBIDAS: As derivadas do nivel de protección.	OBRAS PERMITIDAS: As derivadas do nivel de protección. Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.
--	--

"Aprobado definitivamente polo Pleno con data 27 de maio de 2022"

CATÁLOGO DO PATRIMONIO CULTURAL
PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DE CAMARIÑAS

ANEXO FOTOGRÁFICO:




F_02



F_03



F_04



F_05

CATÁLOGO DO PATRIMONIO CULTURAL
PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DE CAMARIÑAS

CLASE ELEMENTO: ARQUITECTURA 1	TIPOLOXÍA: CIVIL	Nº FICHA: A_073	CLAVE PLANO: B-6
---------------------------------------	-------------------------	------------------------	-------------------------

F_01

S



*** VER ANEXO FOTOGRÁFICO NA SEGUINTE PÁXINA**

DENOMINACIÓN: Vivendas da Praza do Carme nº 16, 18	PARROQUIA: CAMARIÑAS	NÚCLEO: Camariñas
--	--------------------------------	-----------------------------

Localización: Praza do Carme nº 16, 18	Coordenadas UTM (ED 50 fuso 29) 485118 , 4775412
--	--

DESCRICIÓN:
 Conxunto de vivendas de tipoloxía vilega que presentan planta rectangular, dúas alturas (B+I) e cuberta orixinal a dúas augas. As casas, levantadas entre medianeiras e de desenvolvemento horizontal, presentan na súa fachada principal senllos miradoiros corridos con solaina de cantería na súa planta residencial. No piso terreo fíxanse un conxunto de xanelas e portas de acceso que seguen un ritmo regular. A envolvente do edificio érguese por medio de pedra granítica da modalidade de opus incertum enfoscado e pintado, reforzada nos eixes estruturais e ocós con cantería vista.

CATEGORÍA: CATALOGADO	ÁMBITO: LOCAL	NIVEL DE PROTECCIÓN: AMBIENTAL	ESTADO DE CONSERVACIÓN: BO	PROPIEDAD: PRIVADA
---------------------------------	-------------------------	--	--------------------------------------	------------------------------

ORDENANZA DE APLICACIÓN: 2	FICHA NORMATIVA:
--------------------------------------	------------------

OBSERVACIÓNS:
 Con motivo dunha intervención recente a vivenda de maior tamaño foi recrecida por medio dunha ampla bufarda de desenvolvemento horizontal que minguou de forma importante o valor patrimonial orixinal do edificio. A casa contigua tamén loce unha bufarda de maior antigüidade que carece, tamén, de todo valor arquitectónico. O inbmoible número 16 está totalmente rehabilitado.

ELEMENTOS SINGULARES A PROTEXER:
CARPINTERÍAS ORIXINAIS DE MADEIRA. MIRADOIROS.

MELLORAS NECESARIAS:
 Adecuación volumétrica das bufardas dos edificios 5154108 e 5154109 e da cornixa nos 5154107 e 5154108. Unificación dos materiais das carpinterías en materiais e cores, empregando gamas de cor claras.

OBRAS PROHIBIDAS: As derivadas do nivel de protección.	OBRAS PERMITIDAS: As derivadas do nivel de protección. Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección. Permítese o incremento de altura da fachada da edificación situada máis ao leste ata a liña de cornixa da ficha normativa.
--	---

"Aprobado definitivamente polo Pleno con data 27 de maio de 2022"

CATÁLOGO DO PATRIMONIO CULTURAL
PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DE CAMARIÑAS

ANEXO FOTOGRÁFICO:



F_02



F_03



F_04



F_05

CATÁLOGO DO PATRIMONIO CULTURAL
PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DE CAMARIÑAS

CLASE ELEMENTO: ARQUITECTURA 1	TIPOLOXÍA: CIVIL	Nº FICHA: A_074	CLAVE PLANO: B-6
---------------------------------------	-------------------------	------------------------	-------------------------

F_01

S



*** VER ANEXO FOTOGRÁFICO NA SEGUINTE PÁXINA**

DENOMINACIÓN: Vivenda da Praza do Carne nº 20	PARROQUIA: CAMARIÑAS	NÚCLEO: Camariñas
---	--------------------------------	-----------------------------

Localización: Praza do Carne nº 20	Coordenadas UTM (ED 50 fuso 29) 485111 , 4775391
--	--

DESCRIPCIÓN:
 Vivenda de tipoloxía vilega que presenta planta rectangular, dúas alturas (B+I) e cuberta a dúas augas. A casa, levantada entre medianeiras e de desenvolvemento horizontal, presenta na súa fachada principal un balcón corrido con solaina de cantería que ocupa a práctica totalidade da súa planta residencial, situando a ambos lados cadansúa portadaire individual. No piso terreo dispóñense un conxunto de xanelas e portas de acceso que seguen un ritmo regular. A envolvente do edificio érguese por medio de pedra granítica da modalidade de opus incertum sen enfoscar, reforzada nos eixes estruturais e ocos con cantería vista.

CATEGORÍA: CATALOGADO	ÁMBITO: LOCAL	NIVEL DE PROTECCIÓN: AMBIENTAL	ESTADO DE CONSERVACIÓN: BO	PROPIEDAD: PRIVADA
---------------------------------	-------------------------	--	--------------------------------------	------------------------------

ORDENANZA DE APLICACIÓN: 2	FICHA NORMATIVA: 5154110
--------------------------------------	------------------------------------

OBSERVACIÓNS:
 Froito dunha rehabilitación integral recente reformulouse o frontis da fachada principal incorporando un raro frontón triangular conformado en opus vittatum.

ELEMENTOS SINGULARES A PROTEXER:
BALCÓNS. CARPINTERÍAS ORIXINAIS DE MADEIRA. VARANDAS.

MELLORAS NECESARIAS:
 As zonas de fachada realizadas con muro de cachotería de granito deberan enfusarse e pintarse, podendo quedar os elementos de maior calidade, como os que arrodean ocos e reforzan esquinas, vistos. Procederáse á eliminación do frontón existente na fachada principal por considerarse discordante na tipoloxía da vila, así como ao volume saínte en cuberta. Tamén se procederá á eliminación da rampa pola súa grande presenza e non acorde coas características da edificación.

OBRAS PROHIBIDAS: As derivadas do nivel de protección.	OBRAS PERMITIDAS: As derivadas do nivel de protección. Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.
--	--

"Aprobado definitivamente polo Pleno con data 27 de maio de 2022"

CATÁLOGO DO PATRIMONIO CULTURAL
PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DE CAMARIÑAS

ANEXO FOTOGRÁFICO:



F_02

CATÁLOGO DO PATRIMONIO CULTURAL
PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DE CAMARIÑAS

CLASE ELEMENTO: ARQUITECTURA 1	TIPOLOXÍA: CIVIL	Nº FICHA: A_075	CLAVE PLANO: B-6
---------------------------------------	-------------------------	------------------------	-------------------------

F_01

S



*** VER ANEXO FOTOGRÁFICO NA SEGUINTE PÁXINA**

DENOMINACIÓN: Casa da rúa da Cruz nº 2	PARROQUIA: CAMARIÑAS	NÚCLEO: Camariñas
--	--------------------------------	-----------------------------

Localización: Rúa da Cruz nº 2	Coordenadas UTM (ED 50 fuso 29) 485098 , 4775396
--	--

DESCRICIÓN:
 Vivenda de tipoloxía vilega que presenta planta poligonal, dúas alturas (B+I) e cuberta a catro augas. A casa, levantada entre medianeiras e de desenvolvemento horizontal, presenta na súa fachada principal un miradoiro corrido con solaina de cantería coroado por unha pequena balaustrada ornamental. No piso terreo fíxanse un conxunto de xanelas e portas de acceso que seguen un ritmo regular. A envolvente do edificio érguese por medio de pedra granítica da modalidade de opus incertum enfoscado e pintado, reforzada nos eixes estruturais e ocos con cantería vista.

CATEGORÍA: CATALOGADO	ÁMBITO: LOCAL	NIVEL DE PROTECCIÓN: ESTRUTURAL	ESTADO DE CONSERVACIÓN: BO	PROPIEDAD: PRIVADA
---------------------------------	-------------------------	---	--------------------------------------	------------------------------

ORDENANZA DE APLICACIÓN: 2	FICHA NORMATIVA:
--------------------------------------	------------------

OBSERVACIÓNS:
 Na fachada costal que dá ao rueiro -practicamente cega- sitúase unha cruz sen figuración apoiada nunha peana embutida no muro na que se labra, de forma bastante tosca, unha figura humana. A cruz e o seu soporte gozarán de protección integral. A carpintería da galería da fachada sur do elemento, recentemente substituída, deturpa valor ao ben.

ELEMENTOS SINGULARES A PROTEXER:
MIRADOIROS. CARPINTERÍAS ORIXINAIS DE MADEIRA. CONFIGURACIÓN VOLUMÉTRICA. ELEMENTOS PÉTREOS SENLLEIROS.

MELLORAS NECESARIAS:
 Levárase a cabo a conservación e o mantemento das carpinterías de madeira orixinais existentes en portas e ventanas debendo de harmonizar as que non o son en materiais e acabados coa tipoxía tradicional do ben. Nomeadamente deberase recuperar a tipoloxía de galería tradicional en madeira na fachada situada ao sur substituíndo á actualmente existente. As carpinterías de toda a edificación deberán estar realizadas en madeira. Recuperaranse as carpinterías de madeira dos ocos que dan á rúa Trashortas e eliminarase o depósito de auga situada sobre a cornixa.

OBRAS PROHIBIDAS: As derivadas do nivel de protección.	OBRAS PERMITIDAS: As derivadas do nivel de protección. Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.
--	--


"Aprobado definitivamente polo Pleno con data 27 de maio de 2022"

CATÁLOGO DO PATRIMONIO CULTURAL
PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DE CAMARIÑAS

ANEXO FOTOGRÁFICO:



F_02



F_03



F_04



F_05

CATÁLOGO DO PATRIMONIO CULTURAL
PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DE CAMARIÑAS

CLASE ELEMENTO: ARQUITECTURA 1	TIPOLOXÍA: CIVIL	Nº FICHA: A_076	CLAVE PLANO: B-6
---------------------------------------	-------------------------	------------------------	-------------------------

F_01



S



*** VER ANEXO FOTOGRAFICO NA SEGUINTE PÁXINA**

DENOMINACIÓN: Casa da rúa Ambrosio Feijoo 3, 4	PARROQUIA: CAMARIÑAS	NÚCLEO: Camariñas
--	--------------------------------	-----------------------------

Localización: Rúa Ambrosio Feijoo 3, 4, esq/ rúa do Río	Coordenadas UTM (ED 50 fuso 29) 485168 , 4775435
---	--

DESCRICIÓN:
 Vivenda de tipoloxía vilega que presenta planta poligonal, dúas alturas (B+I), agás un pequeno corpo central que se eleva unha planta máis, e cuberta a dúas augas. A casa, levantada entre medianeiras e de desenvolvemento horizontal, sitúa un balcón corrido con solaina de cantería -ao que se accede a través de dúas portasdaires- protagonizando boa parte da súa planta residencial. No piso terreo dispúñanse un conxunto de xanelas e portas de acceso que hoxe non somos quen de caracterizar a causa do engadido dun volume recente que utiliza materiais modernos (tixolo e cemento) na fachada SE. Os muros da edificación orixinal érguese por medio de pedra granítica da modalidade de opus incertum rebocada e pintada, reforzada nos eixes estruturais e ocos con cantería.

CATEGORÍA: CATALOGADO	ÁMBITO: LOCAL	NIVEL DE PROTECCIÓN: AMBIENTAL	ESTADO DE CONSERVACIÓN: REGULAR	PROPIEDAD: PRIVADA
---------------------------------	-------------------------	--	---	------------------------------

ORDENANZA DE APLICACIÓN: 2	FICHA NORMATIVA: 5154701
--------------------------------------	------------------------------------

OBSERVACIÓNS:
 O engadido de nova construción que se engadiu ao conxunto tradicional, con fronte ao Cantón de M. Feijoo, carece de valor arquitectónico e, xa que logo, de protección patrimonial.

ELEMENTOS SINGULARES A PROTEXER:
BALCÓNS. CARPINTERÍAS ORIXINAIS DE MADEIRA. ENFOCADOS PINTADOS SOBRE CACHOTERÍA.

MELLORAS NECESARIAS:
 Adecuación cromática da fachada do anexo en relación á edificación principal protexida. Soterramento do cableado aéreo e rehabilitación integral do inmovible respectando a tipoloxía e volume orixinais.

OBRAS PROHIBIDAS: As derivadas do nivel de protección.	OBRAS PERMITIDAS: As derivadas do nivel de protección. Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.
--	--

"Aprobado definitivamente polo Pleno con data 27 de maio de 2022"

CATÁLOGO DO PATRIMONIO CULTURAL
PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DE CAMARIÑAS

ANEXO FOTOGRÁFICO:



F_02



F_03

CATÁLOGO DO PATRIMONIO CULTURAL
PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DE CAMARIÑAS

CLASE ELEMENTO: ARQUITECTURA 1	TIPOLOXÍA: CIVIL	Nº FICHA: A_077	CLAVE PLANO: B-6
---------------------------------------	-------------------------	------------------------	-------------------------

F_01

S



*** VER ANEXO FOTOGRÁFICO NA SEGUINTE PÁXINA**

DENOMINACIÓN: Vivenda da rúa da Rampa nº 1	PARROQUIA: CAMARIÑAS	NÚCLEO: Camariñas
--	--------------------------------	-----------------------------

Localización: Rúa da Rampa nº 1	Coordenadas UTM (ED 50 fuso 29) 485100 , 4775374
---	--

DESCRICIÓN:
 Vivenda de tipoloxía vilega que presenta planta poligonal, dúas alturas (B+I) e cuberta a catro augas. A casa, erixida entre medianeiras e de desenvolvemento horizontal, presenta na súa fachada principal un miradoiro corrido con solaina de cantería que, antano, quizais fixo as veces de balconada. No piso terreo fíxanse un conxunto de xanelas e portas de acceso que seguen un ritmo regular. A envolvente do edificio érguese por medio de pedra granítica da modalidade de opus incertum enfoscado e pintado, reforzada nos eixes estruturais e ocos con cantería vista.

CATEGORÍA: CATALOGADO	ÁMBITO: LOCAL	NIVEL DE PROTECCIÓN: AMBIENTAL	ESTADO DE CONSERVACIÓN: BO	PROPIEDAD: PRIVADA
---------------------------------	-------------------------	--	--------------------------------------	------------------------------

ORDENANZA DE APLICACIÓN: 2	FICHA NORMATIVA: 5053604
--------------------------------------	------------------------------------

OBSERVACIÓNS:
 A casa loce unha bufarda de certa antigüidade -localizada no eixe da composición- que posúe valor arquitectónico.

ELEMENTOS SINGULARES A PROTEXER:
BALCÓNS. CARPINTERÍAS DE MADEIRA. CONFIGURACIÓN VOLUMÉTRICA.

MELLORAS NECESARIAS:
 As zonas de fachada realizadas con muro de cachotería de granito deberan enfuscarse e pintarse, podendo quedar os elementos de maior calidade, como os que arrodean ocos e reforzan esquinas, vistos.

OBRAS PROHIBIDAS: As derivadas do nivel de protección.	OBRAS PERMITIDAS: As derivadas do nivel de protección. Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.
--	--

"Aprobado definitivamente polo Pleno con data 27 de maio de 2022"

CATÁLOGO DO PATRIMONIO CULTURAL
PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DE CAMARIÑAS

ANEXO FOTOGRÁFICO:



F_02

CATÁLOGO DO PATRIMONIO CULTURAL
PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DE CAMARIÑAS

CLASE ELEMENTO: **ARQUITECTURA 1**

TIPOLOXÍA: **CIVIL**

Nº FICHA: **A_078**

CLAVE PLANO: **B-6 / A-6**

F_01



S



*** VER ANEXO FOTOGRÁFICO NA SEGUINTE PÁXINA**

DENOMINACIÓN:

Vivenda da rúa da Rampa nº 2

PARROQUIA:

CAMARIÑAS

NÚCLEO:

Camariñas

Localización:

Rúa da Rampa nº 2

Coordenadas UTM (ED 50 fuso 29)

485095 , 4775365

DESCRICIÓN:

Vivenda de tipoloxía vilega que presenta planta poligonal, dúas alturas (B+I) e cuberta a dúas augas. A casa, erixida entre medianeiras e de desenvolvemento horizontal, presenta na súa fachada principal unha balconada corrida con solaina de cantería que constitúe a principal singularidade do inmovible. No piso terreo fíxanse un conxunto de xanelas e portas de acceso que seguen un ritmo regular. A envolvente do edificio érguese por medio de pedra granítica da modalidade de opus incertum enfoscado e pintado, reforzada nos eixes estruturais e ocós con cantería vista.

CATEGORÍA:

CATALOGADO

ÁMBITO:

LOCAL

NIVEL DE PROTECCIÓN:

ESTRUTURAL

ESTADO DE CONSERVACIÓN:

BO

PROPIEDAD:

PRIVADA

ORDENANZA DE APLICACIÓN:

2

FICHA NORMATIVA:

5053605

OBSERVACIÓNS:

Na edificación o cableado discorre pola fachada.

ELEMENTOS SINGULARES A PROTEXER:

BALCÓNS. VARANDAS DE FORXA. CARPINTERÍAS DE MADEIRA.

MELLORAS NECESARIAS:

Deberase proceder ao soterrado do caleado que discorre pola fachada.

OBRAS PROHIBIDAS:

As derivadas do nivel de protección.

OBRAS PERMITIDAS:

As derivadas do nivel de protección. Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.

CATÁLOGO DO PATRIMONIO CULTURAL
PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DE CAMARIÑAS

ANEXO FOTOGRÁFICO:



F_02

CATÁLOGO DO PATRIMONIO CULTURAL
PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DE CAMARIÑAS

CLASE ELEMENTO: **ARQUITECTURA 1**

TIPOLOXÍA: **CIVIL**

Nº FICHA: **A_079**

CLAVE PLANO: **B-6 / A-6**

F_01

S



*** VER ANEXO FOTOGRÁFICO NA SEGUINTE PÁXINA**

DENOMINACIÓN:

Vivenda da rúa da Rampa nº 3

PARROQUIA:

CAMARIÑAS

NÚCLEO:

Camariñas

Localización:

Rúa da Rampa nº 3

Coordenadas UTM (ED 50 fuso 29)

485090 , 4775359

DESCRICIÓN:

Vivenda de tipoloxía villega que presenta planta poligonal, dúas alturas (B+I) e cuberta a dúas augas. A casa, erixida entre medianeiras e de desenvolvemento horizontal, presenta na súa fachada principal un miradoiro corrido na súa planta residencial que, antano, quizais fixo as veces de balconada. No piso terreo fíxanse un conxunto de xanelas e portas de acceso que seguen un ritmo regular. Parte da cuberta retranquéase da rúa para dar lugar a unha pequena terraza que da continuidade ao espazo baixocuberta. A envolvente do edificio érguese por medio de pedra granítica da modalidade de opus incertum enfoscado e pintado, reforzada nos eixes estruturais e ocos con cantería vista.

CATEGORÍA:

CATALOGADO

ÁMBITO:

LOCAL

NIVEL DE PROTECCIÓN:

AMBIENTAL

ESTADO DE CONSERVACIÓN:

BO

PROPIEDAD:

PRIVADA

ORDENANZA DE APLICACIÓN:

2

FICHA NORMATIVA:

5053606

OBSERVACIÓNS:

A fachada principal do edificio, xunto co baixocuberta, foi obxecto dunha ampla remodelación que alterou de forma significativa a súa tipoloxía orixinal.

ELEMENTOS SINGULARES A PROTEXER:

CARPINTERÍAS ORIXINAIS DE MADEIRA. MUROS DE FÁBRICA DAS FACHADAS E OCOS NAS SÚAS ZONAS NON ALTERADAS.

MELLORAS NECESARIAS:

Deberase proceder á recuperación da cuberta sobre o espazo que actualmente ocupa a terraza, mantendo as características da parte de cubrición existente.

OBRAS PROHIBIDAS:

As derivadas do nivel de protección.

OBRAS PERMITIDAS:

As derivadas do nivel de protección. Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.

CATÁLOGO DO PATRIMONIO CULTURAL
PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DE CAMARIÑAS

ANEXO FOTOGRÁFICO:



F_02



F_03

CATÁLOGO DO PATRIMONIO CULTURAL
PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DE CAMARIÑAS

CLASE ELEMENTO: **ARQUITECTURA 1**

TIPOLOXÍA: **CIVIL**

Nº FICHA: **A_080**

CLAVE PLANO: **B-6 / A-6 /**

F_01



S



*** VER ANEXO FOTOGRAFICO NA SEGUINTE PÁXINA**

DENOMINACIÓN:

Vivenda da rúa da Rampa nº 5

PARROQUIA:

CAMARIÑAS

NÚCLEO:

Camariñas

Localización:

Rúa da Rampa nº 5

Coordenadas UTM (ED 50 fuso 29)

485083 , 4775344

DESCRIPCIÓN:

Vivenda de tipoloxía villega que presenta planta rectangular, dúas alturas (B+I) e cuberta a dúas augas. O alzado costal da casa, levantada de forma illada e de desenvolvemento horizontal, conta cun par de balcóns corridos con solaina de cantería que protagonizan as rúas laterais da fachada da súa planta residencial. O eixe, por oposición, confórmao unha portadaire. No piso terreo, separado do superior por un filete ou listel horizontal, dispónse un conxunto de xanelas e portas de acceso que seguen un ritmo regular. A fachada érguese por medio de pedra granítica da modalidade de opus incertum rebocada e pintada, que se reforza nos eixes estruturais e ocos con cantería en forma de pilastra. Na parte posterior da parcela localízase unha construción auxiliar dunha planta de altura e cuberta a unha auga que semella ser moito máis recente que a construción principal e que foi realizada con acabados construtivos non tradicionais.

CATEGORÍA:

CATALOGADO

ÁMBITO:

LOCAL

NIVEL DE PROTECCIÓN:

ESTRUTURAL

ESTADO DE CONSERVACIÓN:

REGULAR

PROPIEDAD:

PRIVADA

ORDENANZA DE APLICACIÓN:

2

FICHA NORMATIVA:

5053601

OBSERVACIÓN:

Parte das carpinterías orixinais de madeira foron substituídas por outras de materiais distintos.

ELEMENTOS SINGULARES A PROTEXER:

MIRADOIROS. CARPINTERÍAS ORIXINAIS DE MADEIRA. CONFIGURACIÓN VOLUMÉTRICA. MUROS DE PECHE PERIMETRAIS. A PARCELA CONTA CO MESMO GRAO DE PROTECCIÓN QUE A EDIFICACIÓN PRINCIPAL.

MELLORAS NECESARIAS:

Substitución das captintarías realizadas con perfilería metálica por outras de madeira que harmonicen coas orixinais que aínda se conservan. Mantemento periódico tanto das varandas de forxa como das galerías de madeira. Recuperación das zonas das fachadas onde se ten perdido a pintura. Soterrado do cableado que discorre pola fachada.

OBRAS PROHIBIDAS:

As derivadas do nivel de protección. O derrubo dos muros perimetrais de fábrica de pedra.

OBRAS PERMITIDAS:

As derivadas do nivel de protección. Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.

"Aprobado definitivamente polo Pleno con data 27 de maio de 2022"

CATÁLOGO DO PATRIMONIO CULTURAL
PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DE CAMARIÑAS

ANEXO FOTOGRÁFICO:



F_02



F_03

CATÁLOGO DO PATRIMONIO CULTURAL
PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DE CAMARIÑAS

CLASE ELEMENTO: ARQUITECTURA 1	TIPOLOXÍA: CIVIL	Nº FICHA: A_081	CLAVE PLANO: A-7
---------------------------------------	-------------------------	------------------------	-------------------------

F_01



S



*** VER ANEXO FOTOGRÁFICO NA SEGUINTE PÁXINA**

DENOMINACIÓN: Conxunto de vivendas da rúa Churruca 1, 3	PARROQUIA: CAMARIÑAS	NÚCLEO: Camariñas
---	--------------------------------	-----------------------------

Localización: Rúa Churruca nº 1, 3	Coordenadas UTM (ED 50 fuso 29) 485050 , 4775324
--	--

DESCRICIÓN:
 Conxunto de vivendas de tipoloxía tradicional e vilega que presenta planta rectangular, dúas alturas (B+I) e cuberta a dúas augas. A casa vilega, erixida entre medianeiras e de desenvolvemento horizontal, presenta na súa fachada principal un miradoiro corrido con solaina de cantería apoiada sobre canzoros na súa planta residencial. Pola súa parte a vivenda tradicional sitúa un balcón corrido - ao que se accede a través dunha portadaire única- protagonizando boa parte do seu piso nobre. No andar terreo sitúanse un conxunto de xanelas e portas de acceso que seguen un ritmo regular, aínda que na vivenda situada máis ao norte foi modificada recentemente a configuración dos ocos. A envolvente dos edificios érguese por medio de pedra granítica da modalidade de opus incertum que orixinalmente se atopaba na súa totalidade enfoscado e pintado (sendo retirados a pintura e o enfoscado nalgunha das edificacións recentemente), reforzada nos eixes estruturais e ocos con cantería vista.

CATEGORÍA: CATALOGADO	ÁMBITO: LOCAL	NIVEL DE PROTECCIÓN: ESTRUTURAL	ESTADO DE CONSERVACIÓN: BO	PROPIEDAD: PRIVADA
---------------------------------	-------------------------	---	--------------------------------------	------------------------------

ORDENANZA DE APLICACIÓN: 1	FICHA NORMATIVA:
--------------------------------------	------------------

OBSERVACIÓNS:
 As modificacións realizadas na edificación situada máis ao norte contrastan co resto do conxunto.

ELEMENTOS SINGULARES A PROTEXER:
ENFOSCADOS PINTADOS SOBRE CACHOTERÍA.

MELLORAS NECESARIAS:
 As zonas de fachada realizadas con muro de cachotería de granito deberan enfoscarse e pintarse, podendo quedar os elementos de maior calidade, como os que arrodean ocos e reforzan esquinas, vistos. As carpinterías e outros elementos presentes nas fachadas como canalóns e baixantes estarán realizados en materiais e presentarán acabados de calidade que harmonicen cos tonos nos que vaian pintadas as mesmas.

OBRAS PROHIBIDAS: As derivadas do nivel de protección.	OBRAS PERMITIDAS: As derivadas do nivel de protección. Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.
--	--

"Aprobado definitivamente polo Pleno con data 27 de maio de 2022"

CATÁLOGO DO PATRIMONIO CULTURAL
PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DE CAMARIÑAS

ANEXO FOTOGRÁFICO:



F_02



F_03



F_04

CATÁLOGO DO PATRIMONIO CULTURAL
PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DE CAMARIÑAS

CLASE ELEMENTO: ARQUITECTURA 1	TIPOLOXÍA: CIVIL	Nº FICHA: A_082	CLAVE PLANO: A-7
---------------------------------------	-------------------------	------------------------	-------------------------

F_01

S



*** VER ANEXO FOTOGRÁFICO NA SEGUINTE PÁXINA**

DENOMINACIÓN: Casa da Praza do Curro nº 4	PARROQUIA: CAMARIÑAS	NÚCLEO: Camariñas
---	--------------------------------	-----------------------------

Localización: Praza do Curro nº 4	Coordenadas UTM (ED 50 fuso 29) 485054 , 4775299
---	--

DESCRIPCIÓN:
 Vivenda de tipoloxía tradicional que presenta planta poligonal, e ao inicio da redacción do PEPRI unha única altura (o piso terreo e dous balcóns do andar nobre) con valor patrimonial aínda que sobre a anterior se localizaba unha estrutura de pórticos de formigón armado de dúas plantas de altura, á cal se dotou de cerramentos con posterioridade. A casa, levantada entre medianeiras e de desenvolvemento horizontal, sitúa un par de balcóns con solaina de cantería (un deles apoiado en canzorros) protagonizando os seus alzados penal e costal. No piso terreo dispóñense un conxunto de xanelas e portas de acceso que responden á lóxica da ordenación interior dos espazos. Os muros da edificación orixinal érguese por medio de pedra granítica da modalidade de opus incertum, orixinalmente rebocada e pintada aínda que a día de hoxe estes acabados foron retirados, reforzada nos eixes estruturais e ocos con cantería. O resto da edificación foi realizada sobre unha estrutura de pórticos de formigón armado e peches de fachada con muros de fábrica de ladrillo enfoscado. A cuberta conta con dúas bufardas.

CATEGORÍA: CATALOGADO	ÁMBITO: LOCAL	NIVEL DE PROTECCIÓN: AMBIENTAL	ESTADO DE CONSERVACIÓN: BO	PROPIEDAD: PRIVADA
---------------------------------	-------------------------	--	--------------------------------------	------------------------------

ORDENANZA DE APLICACIÓN: 1	FICHA NORMATIVA: 5053804
--------------------------------------	------------------------------------

OBSERVACIÓN:
 Sobre unha edificación, como se ben de sinalar, de baixo e planta parece terse demolido o andar nobre e no seu lugar se engadiron dúas novas plantas mediante unha estrutura de formigón e peches de fábrica de ladrillo enfoscado. Estas novas plantas deturpan o valor como edificación tradicional co que contaba o ben debido, como se observa, ao volume, configuración de ocos, etc., resultantes. Segundo información municipal executáronse sobre a edificación obras sen licenza nin autorización de Patrimonio. Excédese o permitido polo PXOM en vigor así como polo PEPRI en tramitación.

ELEMENTOS SINGULARES A PROTEXER:
BALCÓNS. ELEMENTOS PÉTREOS SENLLEIROS.

MELLORAS NECESARIAS:
 Procederáse á demolición das obras executadas sen licenza. O volume que se poda realizar sobre a planta térrea harmonizará coa mesma. Non se permitirán máis voos que os dos balcóns orixinais, os cales só se poderán pechar con varandas, en ningún caso con tabiquería. As dimensións e proporcións dos ocos serán semellantes aos das edificacións de vivenda tradicionais existentes na Vila. Non se permitirá a realización de bufardas sobre a cuberta. As zonas en planta baixa realizadas en cachotería deberán ir revestidas e pintadas, debendo quedar os reforzos de ocos e esquinas, realizados con pezas de maior calidade, vistos.

OBRAS PROHIBIDAS: As derivadas do nivel de protección. Peche con elementos de fábrica dos balcóns existentes. Voos escalonados á marxe os tradicionais que se conservan.	OBRAS PERMITIDAS: As derivadas do nivel de protección, máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección. Inclúense as obras de demolición das partes que se consideran fóra de ordenación.
--	--

"Aprobado definitivamente polo Pleno con data 27 de maio de 2022"

CATÁLOGO DO PATRIMONIO CULTURAL
PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DE CAMARIÑAS

ANEXO FOTOGRÁFICO:



F_02



F_03



F_04



F_05


CATÁLOGO DO PATRIMONIO CULTURAL
PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DE CAMARIÑAS

CLASE ELEMENTO: ARQUITECTURA 1	TIPOLOXÍA: CIVIL	Nº FICHA: A_084	CLAVE PLANO: A-7 / B-7
---------------------------------------	-------------------------	------------------------	-------------------------------

F_01



S



*** VER ANEXO FOTOGRÁFICO NA SEGUINTE PÁXINA**

DENOMINACIÓN: Casa das Romualdas	PARROQUIA: CAMARIÑAS	NÚCLEO: Camariñas
--	--------------------------------	-----------------------------

Localización: Rúa Alcalde Nogueira Patiño nº 3	Coordenadas UTM (ED 50 fuso 29) 485082 , 4775256
--	--

DESCRICIÓN:

Vivenda de tipoloxía vilega que presenta planta rectangular, dúas alturas (B+I) e cuberta a dúas augas. Construída no ano 1868 e levantada entre medianeiras, alterna un fermoso miradoiro lateral labrado en madeira cunha serie de balcóns individuais con solaina pétreo na súa planta residencial. Para comunicar co interior sitúanse portas e fiestras de mediano tamaño que seguen un ritmo regular ao longo da súa fachada. Esta levántase en cantería ou cachotería, en función da súa disposición no edificio (opus quadratum nos ocios e eixes estruturais, e opus vittatum recebedo e pintado nos entrepanos). Adxacente á vivenda, e con fachada á rúa atópase unha construción auxiliar dunha planta de altura realizada con técnica construtiva semellante á da vivenda. No interior da parcela localízanse diversas construcións para usos auxiliares do residencial principal e un hórreo.

CATEGORÍA: CATALOGADO	ÁMBITO: LOCAL	NIVEL DE PROTECCIÓN: ESTRUTURAL	ESTADO DE CONSERVACIÓN: BO	PROPIEDAD: PRIVADA
---------------------------------	-------------------------	---	--------------------------------------	------------------------------

ORDENANZA DE APLICACIÓN: 3	FICHA NORMATIVA: 5151104
--------------------------------------	------------------------------------

OBSERVACIÓN:

A fachada loce o barómetro do Serpent protexido por unha pequena porta acristalada, un buque torpedeiro propiedade da Mariña Real Británica que naufragou na Punta do Boi (no corazón da Costa da Morte) en 1890, e que goza de Protección Integral. Dentro da parcela que se dispón a carón da contrafachada do inmovible localízase un hórreo que goza de Protección Integral. A parcela atópase dentro do ámbito de cautela arqueolóxica do elemento I_005.

ELEMENTOS SINGULARES A PROTEXER:

MIRADOIROS. CARPINTERÍAS DE MADEIRA. CONFIGURACIÓN VOLUMÉTRICA. ENFOSCADOS PINTADOS. MUROS DE PECHE TRADICIONAIS. ARBOREDO SENLLEIRO EXISTENTE NO INTERIOR DA PARCELA. ELEMENTOS PÉTREOS SENLLEIROS. PARCELA E EDIFICACIÓN CONTAN CO MESMO GRAO DE PROTECCIÓN

MELLORAS NECESARIAS:

Deberanse substituír os engadidos realizados con materiais recentes nos muros de peche tradicional por acabados semellantes aos da zona inferior dos mesmos. Elimínase o aramado perimetral disposto sobre os peches e a estrutura metálica sobre a que está disposto. Restaurarase a cor e os acabados das fachadas.

OBRAS PROHIBIDAS: As derivadas do nivel de protección.	OBRAS PERMITIDAS: As derivadas do nivel de protección. Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.
--	--

"Aprobado definitivamente polo Pleno con data 27 de maio de 2022"

CATÁLOGO DO PATRIMONIO CULTURAL
PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DE CAMARIÑAS


ANEXO FOTOGRÁFICO:



F_02



F_03



F_04



F_05

CATÁLOGO DO PATRIMONIO CULTURAL
PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DE CAMARIÑAS

CLASE ELEMENTO: ARQUITECTURA 1	TIPOLOXÍA: CIVIL	Nº FICHA: A_085	CLAVE PLANO: A-7
---------------------------------------	-------------------------	------------------------	-------------------------

F_01



S



*** VER ANEXO FOTOGRÁFICO NA SEGUINTE PÁXINA**

DENOMINACIÓN: Lenzo mural da rúa Atalaia nº 9	PARROQUIA: CAMARIÑAS	NÚCLEO: Camariñas
---	--------------------------------	-----------------------------

Localización: Rúa Atalaia nº 9	Coordenadas UTM (ED 50 fuso 29) 484974 , 4775304
--	--

DESCRICIÓN:

Ao pé do alzado penal da casa de nova planta, xusto á beira do rueiro, construíuse un orixinal muro que combina perpiño estrutural e cachotería vista nos entrepanos. Esta peza, rematada en altura por medio dunha serie de molduras corridas de filete ou listel apoiada noutra de talón ou cimeira reversa, completa a súa decoración con placas angulares de estilo barroco e un xanelo central. Este conxunto ten un claro paralelo con outro lenzo mural localizado na rúa das Barrosas (Ponte do Porto).

CATEGORÍA: CATALOGADO	ÁMBITO: LOCAL	NIVEL DE PROTECCIÓN: INTEGRAL	ESTADO DE CONSERVACIÓN: BO	PROPIEDAD: PRIVADA
---------------------------------	-------------------------	---	--------------------------------------	------------------------------

ORDENANZA DE APLICACIÓN: 2	FICHA NORMATIVA: 4952405
--------------------------------------	------------------------------------

OBSERVACIÓN:

O muro contará con protección integral, podendose levar a cabo no resto da edificación coa que se atopa en contacto todas aquelas labores correspondentes a un nivel de protección ambiental que harmonicen co ben obxecto de protección, agás o incremento no número de plantas.

ELEMENTOS SINGULARES A PROTEXER:

MURO DE FÁBRICA. ELEMENTOS PÉTREOS SENLLEIROS.

MELLORAS NECESARIAS:

As zonas do muro realizadas con fábrica de cachotería de granito deberan enfusarse e pintarse, podendo quedar os elementos de maior calidade, como os que arrodean ocos e reforzan esquinas, vistos. A edificación en contacto co muro deberá presentar uns paramentos exteriores e cartinterías que harmonicen co ben que se pretende protexer.

OBRAS PROHIBIDAS: As derivadas do nivel de protección. Incremento no número de plantas da edificación en contacto co muro.	OBRAS PERMITIDAS: As derivadas do nivel de protección. Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.
---	---

"Aprobado definitivamente polo Pleno con data 27 de maio de 2022"

CATÁLOGO DO PATRIMONIO CULTURAL
PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DE CAMARIÑAS

ANEXO FOTOGRÁFICO:



F_02



F_03

CATÁLOGO DO PATRIMONIO CULTURAL
PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DE CAMARIÑAS

CLASE ELEMENTO: ARQUITECTURA 1	TIPOLOXÍA: CIVIL	Nº FICHA: A_086	CLAVE PLANO: A-7
---------------------------------------	-------------------------	------------------------	-------------------------

F_01

S



*** VER ANEXO FOTOGRÁFICO NA SEGUINTE PÁXINA**

DENOMINACIÓN: Casa da rúa Churruca nº 26	PARROQUIA: CAMARIÑAS	NÚCLEO: Camariñas
--	--------------------------------	-----------------------------

Localización: Rúa Churruca nº 26	Coordenadas UTM (ED 50 fuso 29) 485022 , 4775322
--	--

DESCRIPCIÓN:

Vivenda de tipoloxía tradicional que presenta planta rectangular, dúas alturas (B+I) e cuberta a dúas augas. A casa, erixida entre medianeiras e de desenvolvemento horizontal, presenta na súa planta principal unha serie de ocos equidistantes en forma de portasdaire desiguais e unha fiestra. No piso terreo ábrese un conxunto de xanelas e portas de acceso que aparecen aliñadas cos vans superiores. A envolvente do edificio érguese por medio de pedra granítica da modalidade de opus incertum sen enfoscar, reforzada nos eixes estruturais e ocos con cantería vista.

CATEGORÍA: CATALOGADO	ÁMBITO: LOCAL	NIVEL DE PROTECCIÓN: AMBIENTAL	ESTADO DE CONSERVACIÓN: REGULAR	PROPIEDAD: PRIVADA
---------------------------------	-------------------------	--	---	------------------------------

ORDENANZA DE APLICACIÓN: 2	FICHA NORMATIVA: 5053104
--------------------------------------	------------------------------------

OBSERVACIÓNS:

As carpintarías exteriores coas que conta a edificación presentan varios tipos de acabados e de composición.

ELEMENTOS SINGULARES A PROTEXER:

VOLUMETRÍA DA EDIFICACIÓN. CARPINTERÍAS ORIXINAIS DE MADEIRA.

MELLORAS NECESARIAS:

As zonas de fachada realizadas con muro de cachotería de granito deberan enfuscar e pintarse, podendo quedar os elementos de maior calidade, como os que arrodean ocos e reforzan esquinas, vistos. Soterramento do cableado aéreo e rehabilitación integral do inmovible respectando a tipoloxía e volume orixinais. Deberase harmonizar a composición e acabados das carpintarías exteriores da edificación empregando para elo preferentemente elementos de madeira pintada.

<p>OBRAS PROHIBIDAS:</p> <p>As derivadas do nivel de protección. Incremento de planta sobre a edificación protexida.</p>	<p>OBRAS PERMITIDAS:</p> <p>As derivadas do nivel de protección. Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.</p>
---	---

"Aprobado definitivamente polo Pleno con data 27 de maio de 2022"

CATÁLOGO DO PATRIMONIO CULTURAL
PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DE CAMARIÑAS

ANEXO FOTOGRÁFICO:



F_02



F_03

CATÁLOGO DO PATRIMONIO CULTURAL
PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DE CAMARIÑAS

CLASE ELEMENTO: ARQUITECTURA 1	TIPOLOXÍA: CIVIL	Nº FICHA: A_087	CLAVE PLANO: A-6
---------------------------------------	-------------------------	------------------------	-------------------------

F_01



S



*** VER ANEXO FOTOGRÁFICO NA SEGUINTE PÁXINA**

DENOMINACIÓN: Casa da rúa Trashortas nº:7	PARROQUIA: CAMARIÑAS	NÚCLEO: Camariñas
---	--------------------------------	-----------------------------

Localización: Rúa Trashortas nº:7	Coordenadas UTM (ED 50 fuso 29) 485060 , 4775366
---	--

DESCRIPCIÓN:

Vivenda de tipoloxía tradicional que presenta planta poligonal, dúas alturas (B+I) e cuberta a dúas augas. A casa, erixida entre medianeiras e de desenvolvemento horizontal, presenta na súa planta principal unha serie de ocos equidistantes en forma de portasdaire con tornachuvias e algunha fiestra. No piso terreo ábrese un conxunto de xanelas e portas de acceso que ofrecen unha aliñación imperfecta cos vans superiores. A envolvente do edificio érguese por medio de pedra granítica da modalidade de opus incertum recebada e pintada, reforzada nos eixes estruturais e ocos con cantería vista. Conta cunha edificación auxiliar adxacente de tipoloxía tradicional e entre ambas e o peche da parcela encerran un pequeno espazo.

CATEGORÍA: CATALOGADO	ÁMBITO: LOCAL	NIVEL DE PROTECCIÓN: AMBIENTAL	ESTADO DE CONSERVACIÓN: BO	PROPIEDAD: PRIVADA
---------------------------------	-------------------------	--	--------------------------------------	------------------------------

ORDENANZA DE APLICACIÓN: 2	FICHA NORMATIVA: 5053602
--------------------------------------	------------------------------------

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS SINGULARES A PROTEXER:

CARPINTERÍAS DE MADEIRA. CONFIGURACIÓN VOLUMÉTRICA. MURO DE PECHE DE PARCELA.

MELLORAS NECESARIAS:

Na cuberta da edificación auxiliar adxacente deberase mudar o remate da cuberta de fibrocemento por tella cerámica.

OBRAS PROHIBIDAS: As derivadas do nivel de protección.	OBRAS PERMITIDAS: As derivadas do nivel de protección. Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.
--	--

"Aprobado definitivamente polo Pleno con data 27 de maio de 2022"

CATÁLOGO DO PATRIMONIO CULTURAL
PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DE CAMARIÑAS

ANEXO FOTOGRÁFICO:



F_02



F_03

CATÁLOGO DO PATRIMONIO CULTURAL
PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DE CAMARIÑAS

CLASE ELEMENTO: ARQUITECTURA 1	TIPOLOXÍA: CIVIL	Nº FICHA: A_088	CLAVE PLANO: B-4
---------------------------------------	-------------------------	------------------------	-------------------------

F_01

S



*** VER ANEXO FOTOGRÁFICO NA SEGUINTE PÁXINA**

DENOMINACIÓN: Vivenda da rúa Tras Praza nº 19	PARROQUIA: CAMARIÑAS	NÚCLEO: Camariñas
---	--------------------------------	-----------------------------

Localización: Rúa Tras Praza nº 19	Coordenadas UTM (ED 50 fuso 29) 485239 , 477594
--	---

DESCRICIÓN:
 Vivenda de tipoloxía vilega que presenta planta poligonal, dúas alturas (B+I) e cuberta a dúas augas. A casa, erixida entre medianeiras e de desenvolvemento horizontal, presenta na súa planta principal (moi alterada no seu alzado costal) un único oco en forma de portadaire que dá acceso a un balcón individual con solaina de pedra apoiada en finos canzorros. No piso terreo ábrese un conxunto de xanelas e portas de acceso que ofrecen unha aliñación perfecta cos vans superiores. A envolvente do edificio érguese por medio de pedra granítica da modalidade de opus incertum sen recebar nin pintar, reforzada nos eixes estruturais e ocos con cantería vista.

CATEGORÍA: CATALOGADO	ÁMBITO: LOCAL	NIVEL DE PROTECCIÓN: AMBIENTAL	ESTADO DE CONSERVACIÓN: BO	PROPIEDAD: PRIVADA
---------------------------------	-------------------------	--	--------------------------------------	------------------------------

ORDENANZA DE APLICACIÓN: 1	FICHA NORMATIVA: 5256910
--------------------------------------	------------------------------------

OBSERVACIÓNS:
 O sobrado do edificio permite un aproveitamento relativamente amplo como evidencia a fiestra que se abre no alzado penal. Os ocos da fachada leste ao tratarse dun elemento de grandes dimensións e con prevalencia da dimensión horizontal desvirtúan a imaxe de conxunto.

ELEMENTOS SINGULARES A PROTEXER:
BALCÓNS. DISPOSICIÓN DE OCOS.

MELLORAS NECESARIAS:
 As zonas de fachada realizadas con muro de cachotería de granito deberan enfusarse e pintarse, podendo quedar os elementos de maior calidade, como os que arrodean ocos e reforzan esquinas, vistos. O oco da primeira planta da fachada leste deberá adaptar a súa configuración e dimensións ás proporcións existentes no resto das fiestras da edificación. Tamén se deberán unificar os acabados das carpintarías de xeito que se empreguen acabados e materiais acordes coa tipoloxía tradicional do ben, preferentemente madeira. Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeadado público nobre acorde coa entidade do ben.

OBRAS PROHIBIDAS: As derivadas do nivel de protección.	OBRAS PERMITIDAS: As derivadas do nivel de protección. Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección. Permite un pequeno incremento no volume sinalado na ficha normativa.
--	---

"Aprobado definitivamente polo Pleno con data 27 de maio de 2022"